

ÍNDICE DE ORDENANZAS FISCAIS

- 1ª.-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES.**
- 2ª.-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHICULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.**
- 3ª.-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIONES, INSTALACIONES E OBRAS.**
- 4ª.-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.**
- 5ª.-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS URBANÍSTICAS.**
- 6ª.-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENCIA DE APERTURA DE ESTABLECIMENTO.**
- 7ª.-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS DE AUTOTAXI E DEMAIS VEHICULOS DE ALUGUER.**
- 8ª.-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA E TRATAMIENTO DE LIXO.**
- 9ª.-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DA REDE DE SUMIDOIROS.**
- 10ª.-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SUMINISTRO DE AUGA.**
- 11ª.-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MERCANCÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, REBOS, VALADOS, PUNTAIS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIONES ANÁLOGAS.**
- 12ª.-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIONES DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA.**
- 13ª.-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA APERTURA DE BURATOS OU FOXOS EN TERREOS DE USO PÚBLICO E CALQUERA REMOCIÓN DO PAVIMENTO OU BEIRARRÚAS NA VÍA PÚBLICA.**
- 14ª.-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENTRADAS DE VEHICULOS A TRAVÉS DAS ACERAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMIENTO, CARGA E DESCARGA DE MERCADURÍAS DE CALQUER CLASE.**
- 15ª.-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENTA, ESPECTÁCULOS OU ATRACCIONES SITUADAS EN TERREO DE USO PÚBLICO E INDUSTRIAS CALLEJERAS E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICO.**
- 16ª.-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.**
- 17ª.-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVICIO DE AXUDA A DOMICILIO.**
- 19ª.-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PARTICIPACIÓN EN EXCURSIONES ORGANIZADAS POLO CONCELLO.**
- 20ª.-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA VENTA DE LIBROS EDITADOS POLO CONCELLO.**
- 21ª.-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA IMPRESIÓN DE DOCUMENTOS A SOLICITUDE DE TERCEIRO.**
- 22ª.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO XERVICIO PUNTO LIMPO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.**

23ª.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PARTICIPACIÓN EN PROCESOS SELECTIVOS PARA O NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO OU A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO.

24ª.- ORDEINANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO SERVIZO DE ACTIVIDADES DE LECER.

25ª.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLO FUNCIONAMENTO DA ESCOLA DE MÚSICA, DANZA E ARTES ESCÉNICAS SAMOEIRO.

26ª.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA, RENOVACIÓN, INSCRICIÓN REXISTRAS E AS SÚAS MODIFICACIÓN E CANCELACIÓN DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.

27ª.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO DE ALUGUER DE BICICLETAS (B.T.T.).

ORDENANZAS FISCAIS

ORDENANZA FISCAL Nº 1.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES.

Artigo 1.

Segundo o previsto na lexislación vixente en materia de tributos locais, o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles neste Municipio, queda fixado nos termos que se establecen no artigo seguinte.

Artigo 2.

1. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable ós bens de natureza urbana, queda fixado no 0,75%.
2. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles, aplicable aos bens de natureza rústica, queda fixado no 0,86%.
3. O tipo de gravame para os Bens Inmobles de Características Especiais queda fixado no 1,3 %.

Artigo 3.

- 1.- Estarán exentos deste imposto os bens inmobles de natureza urbana dos que a cota resultante en aplicación do tipo de gravame establecido no artigo anterior non supere a cantidade de 5,99 €.
- 2.- Estarán exentos deste imposto os bens inmobles de natureza rústica dos que, no seu conxunto para cada titular, a cota resultante en aplicación do tipo de gravame establecido no artigo anterior non supere a cantidade de 5,99 €.

Artigo 4.

Naquilo non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos na Subsección segunda, da Sección terceira, do Capítulo II do Título II do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, concordantes e complementarios da mesma, e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, da que a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2009 entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no B.O.P. e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de 2010, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 2

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Artigo 1º

Aplicar, ao abeiro do establecido no artigo 95.4 do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, o coeficiente 1,1 de incremento das cotas mínimas establecidas en dito corpo legal. Os vehículos históricos, ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos contados dende a data da súa fabricación, terán unha bonificación do 100% na cota deste Imposto. Se non se coñece dita data, tomarase como tal a da súa primeira matriculación ou no seu defecto aquela no que o correspondente tipo ou variante deixou de fabricarse. Para ter dereito a este bonificación será condición indispensable que o vehículo estea recoñecido como histórico ou pertenza, pola súa antigüidade a unha asociación de vehículos antigos legalmente constituída. Para poder acollerse a este bonificación será necesario que o titular teña como mínimo outro vehículo ao seu nome matriculado no concello de antigüidade inferior a vinte e cinco anos. Noutro caso, a un dos vehículos do titular non se lle aplicará a bonificación.

Artigo 2º

1. O pagamento do Imposto acreditarase mediante recibo.

Artigo 3º

1. No caso de primeiras adquisicións de vehículos ou cando estes se reformen de maneira que se altere a súa clasificación a efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos presentarán perante a oficina xestora correspondente, no prazo de trinta días contados a partir da data da adquisición ou reforma, declaración por este imposto segundo o modelo aprobado polo Concello co que se axuntará a documentación acreditativa da súa compra ou modificación, certificado das súas características técnicas e o Documento Nacional de Identidade ou o Código de Identificación Fiscal do suxeito pasivo.

2. Pola oficina xestora practícarase a correspondente liquidación, normal ou complementaria, que será notificada individualmente aos interesados, coa indicación do prazo de ingreso e dos recursos precedentes.

Artigo 4º

1. No caso de vehículos matriculados ou declarados aptos para a circulación, o pagamento das cotas anuais do imposto realizarase dentro do prazo que se sinale en cada exercicio.

2. No suposto regulado no apartado anterior, a recadación das correspondentes cotas realizarase mediante o sistema de padrón anual no que figurarán tódolos vehículos suxeitos ao imposto que se encontren inscritos no correspondente Rexistro Público a nome de persoas ou entidades domiciliadas neste Concello.

3. O padrón ou matrícula do imposto expoñeráse ao público polo prazo de trinta días hábiles, para que os lexítimos interesados poidan examinalo e, se procede, formula-las reclamacións oportunas. A exposición ao público anunciaráse no “Boletín Oficial da Provincia” e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos.

Artigo 5º

Naquilo non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos na Subsección 4ª da Sección 3ª, do Capítulo II do citado texto refundido, concordantes e complementarios da mesma, e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Durante o primeiro trimestre de 2010 o Concello comunicará aos titulares dos vehículos que ata esta data gozaban de bonificación os cambios na ordenanza para que xustifiquen as circunstancias que lle permitan acollerse, no seu caso, á bonificación.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal, da que a redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2009, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de 2010, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 3.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS.

Artigo 1.

1. Segundo o previsto no artigo 100 do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, constitúe o feito imponible do imposto, a realización, dentro do Concello, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixe a obtención da correspondente licenza de obra urbanística, obtívésese ou non dita licenza, sempre que a súa expedición corresponda a este municipio.
2. As construcións, instalacións ou obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir en:
 - a) Obras de construción de edificacións e instalacións, de tódalas clases, de nova planta.
 - b) Obras de demolición.
 - c) Obras en edificios, tanto aquelas que modifiquen a súa disposición interior como o seu aspecto exterior.
 - d) Aliñacións e rasantes.
 - e) Obras de fontanería e sumidoiros.
 - f) Obras de cemiterios.
 - g) Calquera outra construción, instalación ou obra que requira licenza de obra urbanística.

Artigo 2.

1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, propietarios de inmobles sobre os que se realicen as construcións, instalacións ou obras sempre que sexan donos das obras; nos demais casos, considerarase contribuínte quen posúa a condición de dono da obra.
2. Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte aqueles que soliciten as correspondentes licencias ou realicen as construcións, instalacións ou obras, se non foran os propios contribuíntes.

Artigo 3.

1. A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra.
2. A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.
3. O tipo de gravame será o 3 %.
4. O imposto devéngase no momento de inicia-la construción, instalación ou obra, in da que non se obtivera a correspondente licenza.

Artigo 4.

1. Cando se conceda a licenza preceptiva practícarase unha liquidación provisional, determinándose a base imponible en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que o devandito orzamento fose visado polo Colexio Oficial corresponden-

te; de non ser así, a base imponible será determinada polos Técnicos Municipais, de acordo co custo estimado do proxecto.

2. Á vista das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do custo real efectivo das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, se procede, a base imponible a que se refire o apartado anterior, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

Artigo 5.

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais Leis do Estado, reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 6.

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o Réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

Artigo 7.

Naquilo non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos na Subsección 5 da Sección 3, do Capítulo II, do título II da referido Texto Refundido, concordantes e complementarios desta, e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal, da que a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2009 entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no B.O.P. e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de 2010, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 4.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e segundo o disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por expedición de documentos administrativos que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, as normas da cal atenden ao previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2º.- Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes de que entenda a Administración ou as Autoridades Municipais.
2. A estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fose provocada polo particular ou redunde no seu beneficio inda que non mediase solicitude expresa do interesado.
3. Non estará suxeita a esta Taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigacións fiscais, así como as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole e os relativos á prestación de servicios ou realización de actividades de competencia municipal e á utilización privativa ou o aproveitamento especial de bens do dominio público municipal, que estean gravados por outra Taxa Municipal ou polos que se esixa un taxa por este Concello.
4. Igualmente non estará suxeita a esta taxa a presentación de solicitudes ou documentación que teñan como destino outra Administración e a consecuencia da que o Concello non realice máis trámite que a simple remisión do escrito ou documento.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou teñan interese na tramitación do documento ou expediente de que se trate.

Artigo 4º.- Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Exencións subxectivas.

Gozarán de exención aqueles contribuíntes nos que concorra algunha das seguintes circunstancias:

1º Seren declarados pobres por precepto legal.

2º Estaren inscritos no Padrón de Beneficencia como pobres de solemnidade.

3º Obteren o beneficio xudicial de pobreza, respecto aos expedientes que deben producir efecto precisamente, no procedemento xudicial en que fosen declarados pobres.

Artigo 6º.- Cota Tributaria.

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa Tarifa que contén o artigo seguinte.

2. A cota de Tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, dende a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ao interesado do acordo recaído.

3. As cotas resultantes por aplicación das anteriores tarifas incrementaranse nun 50 por 100 cando os interesados solicitasen con carácter de urxencia a tramitación dos expedientes que motivasen o cobro.

Artigo 7º.- Tarifa.

A tarifa a que se refire o artigo anterior estrutúrase no seguinte cadro:

Concepto	Importe
Padrón de habitantes	
<i>Certificacións de empadramento no Padrón de Habitantes vixente</i>	1,20 €
<i>Certificacións de empadramento nos Padróns de Habitantes anteriores</i>	2,40 €
<i>Certificados de convivencia e residencia segundo padrón vixente</i>	1'20 €.
<i>Certificados de convivencia e residencia segundo padróns anteriores</i>	2'40 €.
<i>Declaracións xuradas, autorizacións paternas e comparecencias</i>	3'61 €.
Certificacións	
<i>Certificación de documentos ou acordos municipais</i>	1'20 €.
<i>Se a súa antigüidade é superior aos 5 anos por cada período de 5 anos</i>	1'20 €.
<i>As demais certificacións</i>	1'20 €.
Dilixencia de cotexo de documentos:	
<i>Pola primeira das follas que o acompañan</i>	0'60 €.
<i>Por cada unha das restantes follas</i>	0'30 €.
Documentos expedidos ou estendidos polas Oficinas Municipais	
<i>Informes Testificais</i>	3'61 €.
<i>Por expedición de certificacións e informes en expedientes de traspaso, de apertura ou similares de locais, por cada un</i>	1'20 €.
<i>Por cada comparecencia perante a Alcaldía para calquera finalidade con constancia por escrito solicitada polo interesado</i>	3'61 €.

<i>Polo visado de documentos en xeral, non expresamente tarifados, por cada un</i>	<i>1'20 €.</i>
<i>Por cada contrato administrativo de obras, bens ou servicios</i>	<i>1'20 €.</i>
<u>Outros expedientes ou documentos</u>	
<i>Por calquera outro expediente ou documento non expresamente tarifado</i>	<i>1'20 €.</i>

Artigo 8º.- Bonificacións da cota.

Non se concederá ningunha bonificación dos importes das cotas tributarias sinaladas na Tarifa desta Taxa.

Artigo 9º.- Devengo.

1. Devéngase a Taxa e nace a obrigaçión de contribuír cando se presente a solicitude que inicia a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ao tributo.
2. Nos casos a que se refire o número 2 do artigo 2º. o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provexan a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

Artigo 10º.- Declaración e ingreso.

1. A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, polo procedemento do selo municipal adherido ao escrito de solicitude da tramitación do documento ou expediente, ou nestes mesmos se aquel escrito non existira, ou a solicitude non fora expresa.
2. Os escritos recibidos polos conductos a que fai referencia o artigo 66 da Lei de Procedemento Administrativo, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non poderá dárselles curso, sen que se emende a deficiencia, polo que se requirirá ao interesado para que, no prazo de dez días aboe as cotas correspondentes co apercibimento de que, transcorrido dito prazo sen efectualo, teranse os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

3. As certificacións ou documentos que expida a Administración Municipal como consecuencia de oficio de Xulgados ou Tribunais para toda clase de preitos, non se entregarán nin remitirán sen que antes se teña satisfeito a correspondente cota tributaria.

Artigo 11º.- Infraccións e sancións.

En todo o tocante á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, terase en conta o disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A redacción definitiva da presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o vintetrés de agosto de dous mil sete, e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de dous mil oito, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

ORDENANZA FISCAL Nº 5.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS URBANÍSTICAS.

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a “Taxa por licencias urbanísticas”, que se rexerán pola presente Ordenanza Fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2º.- Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os actos de edificación e uso do solo ó que se refire o artigo 178 da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, Texto Refundido aprobado polo Real Decreto 1346/1976, do 9 de abril, e que teñan que realizarse no Concello, axúntanse ás normas urbanísticas, de edificacións e policía previstas na citada Lei do Solo, Lei de Adaptación da Lei do Solo a Galicia, así como a Normativa Urbanística que no seu día aprobe o Concello.
2. Non estarán suxeitas a esta Taxa as obras de simple ornamento, conservación e reparación que se realicen no interior das vivendas.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que sexan propietarios dos inmobles nos que se realicen as construcións o instalacións ou se executen as obras.
2. En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuínte os constructores ou contratistas das obras.

Artigo 4º.- Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das Sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que se sinala no artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Base imponible.

Constitúea os gastos nos que incorra a administración por informes, anuncios e similares, impostos incluídos.

Artigo 6º.- Cota tributaria.

Será o resultado de aplicar o coeficiente 1 á base imponible.

Artigo 7º.- Exencións e bonificacións.

Non se concederán exencións nin bonificacións na exacción da taxa.

Artigo 8º.- Devengo.

1. Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito impositivo. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data da presentación da oportuna solicitude da licenza urbanística, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.
2. Cando as obras xa foran iniciadas ou executadas sen obter a oportuna licenza, a Taxa devengarase cando se inicie a actividade municipal conducente a determinar se a obra en cuestión é ou non é autorizable, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a autorización das obras ou a demolición se non foran autorizables.
3. A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada de ningún modo pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta, condicionada xa a modificación do proxecto presentado, nin pola renuncia ou desestímulo do solicitante unha vez concedida a licenza.

Artigo 9º.- Declaración.

1. As persoas interesadas na obtención dunha licenza de obras presentarán, previamente no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude, acompañando certificado visado polo Colexio Oficial respectivo, con especificación detallada da natureza da obra e lugar de emprazamento, na que se faga constar o importe estimado da obra, medicións e destino do edificio.
2. Cando se trate de licenza para aqueles actos en que non sexa esixible a formulación do proxecto suscrito polo Técnico competente, á solicitude acompañarase un orzamento das obras a realizar, así como unha descrición detallada da superficie afectada, número de departamentos, materiais a empregar e, en xeral, das características da obra ou acto do que os datos permitan comprobar o custo daqueles.
3. Se despois de formulada a solicitude da licenza se modifícase ou amplíase o proxecto deberá poñerse en coñecemento da Administración Municipal, acompañando o novo orzamento, ou o reformado no seu caso, planos e memorias da modificación ou ampliación.

Artigo 10º.- Liquidación e ingreso.

Cando se trate de licencias de peches practícase a liquidación provisional sobre a lonxitude sinalada na solicitude da licenza.

Realizada a obra, procederase á súa medición, e á vista do resultado, practícase a liquidación definitiva que proceda, con dedución, no seu caso, do ingresado na provisional.

Artigo 11º.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que correspondan a elas en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

A aplicación da taxa diferirase ata o día un de Xullo de mil novecentos noventa e nove para as licencias de peche dos solares as avenidas de José Antonio e Outeiro.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza Fiscal, da que a redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o vintetrés de agosto de dous mil sete, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de dous mil oito, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 6

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENCIA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO.

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a “Taxa por licencia de apertura de establecemento”, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2º.- Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a comprobar se os establecementos industriais e mercantís reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade e calquera outra esixida polas correspondentes Ordenanzas e Regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, como presuposto necesario e previo para o outorgamento polo Concello da licencia de apertura a que se refire o artigo 22 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais.

2. A tal efecto, terá a consideración de apertura:

a) A instalación por vez primeira do establecemento para dar comezo ás súas actividades.

b) A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.

c) A ampliación do establecemento ou calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte ás condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo nova verificación das mesmas.

d) O cambio de titular da actividade.

3. Entenderase por establecemento industrial ou mercantil toda aquela edificación habitable, estea ou non aberta ó público, que non se destine exclusivamente a venda, e que:

a) Se dedique ó exercicio dalgunha actividade empresarial, profesional, fabril, artesá, da construción, comercial ou de servicios, estea ou non suxeita, ó Imposto sobre Actividades Económicas.

b) Aínda sen desenvolverse aquelas actividades, que sirvan de auxilio ou de complemento para aquelas, ou teñan relación con elas de forma que lle proporcionen beneficios ou aproveitamento, como, por exemplo, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, escritorios, oficinas, despachos ou estudos.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, titulares da actividade que se preten-

de desenvolver ou, se é o caso, se desenvolva en calquera establecemento industrial ou mercantil.

Artigo 4º.-Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Cota tributaria.

1. A cota tributaria desta taxa será de setenta e dous euros (72,00 €) no núcleo da Pobra e de sesenta euros (60,00 €) no resto do concello.

2.- Para as actividades suxeitas o Imposto de Actividades Económicas (I.A.E.), a cota tributaria será igual, por unha sola vez, ó importe anual de dito imposto.

3. A cota tributaria esixirase por unidade de local e por cada actividade que se desenrole, aínda que sexa no mesmo local.

4. Nos casos de variación ou ampliación da actividade a desenvolver no establecemento suxeito, ou de cambio de titular, a cota tributaria será o 50% da establecida no punto 1 deste artigo.

5. No caso de desestimento formulado polo solicitante con anterioridade á concesión da licenza, as cotas a liquidar serán o cincuenta por cento das sinaladas no número anterior, sempre que a actividade municipal se iniciara efectivamente.

Artigo 6º.- Exencións e bonificacións.

Non se concederá exención nin ningunha bonificación na exacción da taxa.

Artigo 7º.- Devengo.

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de apertura, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

2. Cando a apertura xa tivo lugar sen obterse a oportuna licenza, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para autoriza-la apertura do establecemento ou decretar o peche, se non fora autorizable dita apertura.

3. A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada de ningún modo pola denegación da licenza solicitada, pola concesión desta condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licenza.

Artigo 8º.-Declaración.

1. As persoas interesadas na obtención dunha licenza de apertura de establecemento industrial ou mercantil, presentarán previamente no Rexistro Xeral a oportuna solicitude con especificación da actividade ou actividades a desenvolver no local. No seu caso xuntarán copia da alta no I.A.E..

2. Se despois de formula-la solicitude da licenza de apertura se variase ou ampliase a actividade a desenvolver no establecemento estas modificacións poñeranse en

coñecemento da Administración Municipal co mesmo detalle e alcance que se esixe na declaración prevista no número anterior.

Artigo 9º.- Liquidación e ingreso.

1. Finalizada a actividade municipal e unha vez dictada a Resolución municipal que proceda sobre a licencia de apertura, practicarase a liquidación correspondente pola taxa, que se notificará ó suxeito pasivo para o seu ingreso directo nas arcas municipais, utilizando os medios de pagamento e os prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

2. Se o solicitante non entregou copia da alta no I.A.E. estando obrigado a facelo, practicarase liquidación provisional pola cota que corresponda os epígrafes declarados.

3. Unha vez presentada a alta, practicarase liquidación definitiva, procedéndose á devolución ou ingreso da diferenza entre esta e a provisional segundo proceda.

Artigo 10º.- Infraccións e sancións.

No relativo a cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a elas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente Ordenanza Fiscal, da que a redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o dezaioito de febreiro de dous mil tres, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación dende esa data, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 7.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS DE AUTOTAXI E DEMAIS VEHÍCULOS DE ALUGUER.

Artigo 1.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a “Taxa por licencia de autotaxis e demais vehículos de aluguer”, que se rexerán pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2.- Feito imponible.

Constitúen o feito imponible desta taxa a presentación dos servizos e a realización das actividades que en relación coas licencias de autotaxis e demais vehículos de aluguer a que se refire o Regulamento aprobado polo Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, se sinalan a continuación:

- a) Concesión e expedición de licencias.
- b) Autorización para transmisión de licencias cando proceda o seu outorgamento, conxunto a lexislación vixente.

Artigo 3.- Suxeito pasivo.

Están obrigados ó pagamento da taxa, en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria a favor de quen se outorgue a concesión e expedición da licencia ou se autorice a transmisión desta.

Artigo 4.- Responsables:

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios, os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Cota tributaria.

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do servizo ou actividade, de acordo coa seguinte tarifa:

CONCEPTOS	EUROS
Epígrafe primeiro.- Concesión e expedición da licencia.	
a) Licencia da clase A	300'51
b) Licencia da clase B	300'51

c) Licencia da clase C	300'51
Epígrafe segundo.- Autorización para transmisións de licencias.	
1.De licencias da clase A	150'25
2. De licencias da clase B	150'25
3. De licencias da clase C	150'25

Artigo 6.- Exencións e bonificacións.

Non se concederá exención ou ningunha bonificación no pagamento da taxa.

Artigo 7.- Devengo.

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír, nos casos sinalados nos apartados a), b) e c) do artigo 2, na data que este Concello conceda e expida a correspondente licencia ou autorice a súa transmisión ou a substitución do vehículo.

Artigo 8.- Declaración de ingreso.

1.- A relación das actividades e a prestación dos servicios suxeitos a esta taxa levaranse a cabo a instancia de parte.

2.- Tódalas cotas serán obxecto de liquidación para ingreso directo unha vez concedidas as licencias ou autorizacións de que se trate e realizados os servicios solicitados, procedendo os contribuíntes ó seu pagamento no prazo establecido polo Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 9.- Infraccións e sancións.

No relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a elas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza fiscal, a redacción definitiva da cal foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o vintenove de Outubro de mil novecentos noventa e oito, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de mil novecentos noventa e nove, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 8.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, este Concello establece a Taxa por recollida de lixo que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado texto refundido.

Artigo 2º.- Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a presentación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos a tódolos inmobles, calquera que sexa o seu estado, calidade, uso ou destino, que se encontren situados na zona de cobertura da mesma, con independencia de se depositan ou non residuos para a súa recollida, e con independencia de que estean ou non ocupados ou utilizados.

Non estarán suxeitos os propietarios de vivendas ou locais en estado ruinoso, previa tramitación do correspondente expediente ou acreditación mediante informe emitido polo técnico legalmente facultado.

Non estarán suxeitos á taxa os inmobles que teñan a condición de solar ou terreo.

Nos lugares, aldeas ou barrios con rúas interiores que non permitan a circulación rodada, e polo tanto, non poida pasar o vehículo de recollida de residuos, os veciños ou propietarios de fincas, trasladarán cos seus propios medios o s residuos sólidos ó contedor máis próximo, de acordo co estipulado na presente ordenanza.

2. A tal efecto, considéranse lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos, os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas, exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, rebos de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou nos que a súa recollida ou vertido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

3. Non está suxeita á taxa a presentación de carácter voluntario e a instancia de parte, dos seguintes servizos:

a) Recollida de lixos e residuos non cualificados de domiciliarios e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.

b) Recollida de escouras e cinza de calefaccións centrais.

c) Recollida de rebos de obras.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionistas, arrendatario ou, incluso, de precario.

2. Terán a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais que poidan repercutir, se é o caso, nas cotas satisfeitas sobre os usuarios daqueles beneficiarios do servizo.

Artigo 4º.- Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Exencións.

Gozarán de exención subxectiva aqueles contribuíntes que foran declarados pobres por precepto legal, estean inscritos no Padrón de Beneficencia como pobres de solemnidade ou obteñan ingresos anuais inferiores ós que correspondan ó salario mínimo interprofesional.

Artigo 6º.- Cota tributaria.

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles.

2. A tal efecto aplicarase a seguinte tarifa:

CONCEPTOS	TAXA ANUAL
Epígrafe 1º.- Vivendas.	
Por cada vivenda. (Enténdese por vivenda a destinada a domicilio de carácter familiar e aloxamentos que non excedan de dez prazas).	29,76 €
Epígrafe 2º.- Aloxamentos	
Hoteis, moteis, hoteis-apartamentos, hostais e demais establecementos de similar natureza (enténdese por aloxamento, aqueles locais de convivencia colectiva non familiar, entre os que se inclúen hoteis-pensións, residencias, centros hospitalarios, colexios e demais centros de natureza análoga sempre que excedan de dez prazas).	35,41 €
Epígrafe 3º.- Establecementos de alimentación.	
Por cada local ou establecemento	35,41 €
Epígrafe 4º.- Establecementos de restauración	
a) Restaurantes	35,41 €
b) Cafeterías	35,41 €
c) Whisquerías e pubs	35,41 €
d) Bares	35,41 €

e) Tabernas	35,41 €
Epígrafe 5º.- Establecementos de espectáculos.	
a) Cines e Teatros	35,41 €
b) Salas de festas e discotecas	35,41 €
c) Salas de bingo	35,41 €
Epígrafe 6º.- Outros Locais industriais ou mercantís	
a) Centros oficiais	35,41 €
b) Oficinas bancarias	35,41 €
c) Grandes almacéns	35,41 €
d) Demais locais non expresamente tarifados	35,41 €
Epígrafe 7º.- Despachos profesionais	
Por cada despacho. (No suposto de que a oficina ou establecemento estea radicado na mesma vivenda, aplicarase unicamente a tarifa precedente quedando englobada nela a do Epígrafe 1º	35,41 €

3. As cotas sinaladas na tarifa teñen carácter irreducible e corresponden ó período dun ano.

4. A cada unha das cotas sinaladas no parágrafo 2 se lle engadirá en concepto de ecotaxa por tratamento de residuos a cantidade mensual de un euro (1,18 €).

5. No exercicio 2011 e sucesivos as tarifas do punto 2 deste artigo e a contía do punto 4 do mesmo se incrementará para cada ano no importe de incremento do I.P.C. correspondente ao período entre o un de xaneiro de o trinta e un de decembro do exercicio anterior.

Artigo 7º.- Devengo.

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obligatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal da recollida de lixo domiciliaria, en rúas e lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes a taxa.

2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengarase o primeiro día de cada semestre natural, salvo que o devengo da taxa se producira con posterioridade á devandita data, en tal caso a primeira cota devengarase o primeiro día do mes seguinte.

Artigo 8º.- Declaración e ingreso.

1. Dentro dos trinta días hábiles seguintes á data en que se devengue por primeira vez a taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición na matrícula, presentando, ó efecto, a correspondente declaración de alta e ingresando simultaneamente a cota do primeiro semestre natural que corresponda.

2. Cando se coñeza, sexa de oficio ou por comunicación dos interesados, calquera variación dos datos figurados na matrícula, levaranse a cabo nesta as modificacións correspondentes, que surtirán efectos a partir do período de cobranza seguinte ó da data en que se efectuara a declaración.

3. O cobro das cotas efectuarase cada seis meses mediante recibo derivado da matrícula.

Artigo 9º.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a elas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 179, 180, 181, 182, 183, 184, 185, 186 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente Ordenanza Fiscal, da que a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2009, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no B.O.P. e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de 2010, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 9.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DA REDE DE SUMIDOIROS.

Artigo 1.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, este Concello establece a Taxa por recollida de lixo que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado texto refundido.

Artigo 2.- Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa:

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida á rede de sumidoiros municipal.
- b) A presentación dos servicios de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiros municipal, e o seu tratamento para depuralas.

2. Non están suxeitas á taxa as fincas derruídas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo.

Artigo 3.- Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que sexan:

- a) Cando se trate da concesión da licenza da acometida da rede, o propietario, usufructuario ou titular do dominio útil da finca.
- b) No caso de prestación de servicios do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do Concello beneficiarias dos devanditos servicios, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufructuarios, habitacionistas ou arrendatario, incluso en precario.

2. En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais o propietario destes inmobles, que poderá repercutir, se é o caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servicio.

Artigo 4.- Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Cota tributaria.

1.A cota tributaria correspondente á concesión da licencia ou autorización da acometida á rede de sumidoiros esixirase por unha soa vez e consistirá na cantidade que para cada ano se indica:

Ano	2010	2011	2012
Cota	6,91 €	7.95 €	9,14 €

2. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos de sumidoiros e depuración establécese na contía fixa mensual que para cada ano se indica.

Ano	2010	2011	2012
Cota	0,79 €	0,91€	1,04€

3. Con efectos de un de xaneiro de cada ano a partir de 2013, inclusive, ambas cotas experimentarán un incremento porcentual igual ao incremento do I.P.C. entre o día un de xaneiro e o trinta e un de decembro do ano anterior.

Artigo 6.- Exencións e bonificacións.

Non se concederá exención nin ningunha bonificación na exacción da presente taxa.

Artigo 7.- Devengo.

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible, entendéndose esta:

a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licencia de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

b) Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiros municipal. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se obtivera ou non a licencia de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2.- Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración teñen carácter obrigatorio para tódalas fincas do Concello que teñan fachadas ás rúas, prazas ou vías públicas nas que exista sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros, e devengarase a taxa mesmo cando os interesados non procedan a efectua-la acometida á rede.

Artigo 8.- Declaración, liquidación e ingreso.

1. Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta no censo de suxeitos pasivos da taxa, no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade da finca e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións surtirán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez finalizado o prazo de presentación das devanditas declaracións de alta e baixa.

A inclusión inicial no Censo farase de oficio unha vez concedida a licencia de acometida á rede.

2. As cotas esixibles por esta taxa liquidaranse e recadaranse mediante recibos por períodos de seis meses.

3. No suposto da licencia de acometida, o contribuínte formulará a oportuna solicitude e os servizos tributarios deste Concello, unha vez concedida aquela, practicarán a liquidación que proceda, que será notificada para o ingreso directo na forma e prazos que se sinalen no Regulamento Xeral de Recadación.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente Ordenanza Fiscal, da que a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2009, entrará en vigor o mes-

mo día da súa publicación no B.O.P. e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de 2010, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 10.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA.

Artigo 1º.-Concepto.

Ao abeiro do establecido nos artigos 15 e seguintes do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, este Concello establece a Taxa por subministro de auga que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado texto refundido.

Artigo 2º.- Obrigados ó pagamento.

Están obrigados ó pagamento do taxa, regulado nesta Ordenanza, aquelas persoas que se beneficien dos servicios ou actividades prestados ou realizados por este Concello, a que se refire o artigo anterior.

Artigo 3º.-Contía.

1. A contía do taxa regulado nesta Ordenanza será a fixada na tarifa seguinte:

CONCEPTO	2010	2011	2012
1. Mínimo mensual de mantemento	2,30 €	2,65 €	3,04 €
2. Tarifa por consumo para tódolos usos por m ³ .	0,30 €	0,34 €	0,40 €
3. Dereitos de acometida na Pobra de Brollón, usos domésticos.	21,50 €	24,73 €	28,44 €
4. Dereitos de acometida na Pobra de Brollón, demais usos.	28,67 €	32,97 €	37,92 €
5. Dereitos de acometida no resto do Concello, tódolos usos	358,37 €	412,12 €	473,94 €
6. Dereitos de enganche en todo o Concello, tódolos usos	57,50 €	66,13 €	76,04 €

2. Con efectos de un de xaneiro de cada ano a partir de 2013, inclusive, as contías indicadas experimentarán un incremento porcentual igual ao incremento do I.P.C. entre o día un de xaneiro e o trinta e un de decembro do ano anterior.

3. Aos efectos desta ordenanza, enténdese por acometida a primeira alta no servizo para cada vivenda ou local e o seu entronque na rede de abastecemento. Enténdese por enganche, cada unha das sucesivas altas que no seu caso se produzan ó longo da vida do servizo.

4. En caso de avaría no contador, facturárase, durante todo o período afectado, dende a última lectura anterior ata a solución da avaría, unha cantidade proporcional o consumo medio do ano natural anterior incrementado nun vinte por cento.

5. Quen utilice a auga dos abastecementos municipais para usos distintos dos previstos no artigo 1º, ou especialmente a utilice para regar nos meses de Xullo a Setembro, será sancionado cunha multa de 90,15 € a primeira vez, 180,30 € a segunda e 450,76 € a terceira, e o corte do subministro na cuarta.

Artigo 4º.- Obriga de pagamento.

1. A obriga de pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza, nace dende que se inicie a prestación do servizo, e a súa facturación e cobro realizaranse con periodicidade semestral.
2. O pagamento do devandito taxa efectuarase no momento da presentación da correspondente factura, á persoa obrigada a realizalo.
3. As débedas por este taxa, poderán esixirse por vía de constrinximento, de acordo co Regulamento Xeral de Recadación.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente Ordenanza Fiscal, da que a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2009, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no B.O.P. e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de 2010, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 11.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MERCANCÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, REBOS, VALADOS, PUNTAIS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS.

Artigo 1º.- Concepto.

De conformidade co previsto no artigo 117, en relación co artigo 41.A), ambos da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais pola ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción, rebos, valados, puntais, andamios e outras instalacións análogas que se rexerán pola presente ordenanza.

Artigo 2º.- Obrigados ó pagamento.

Están obrigados ó pagamento do taxa regulado nesta ordenanza, as persoas ou entidades a favor das cales se outorguen as licencias, ou aquelas que se beneficien do aproveitamento, se procede sen a oportuna autorización.

Artigo 3º.- Contía.

1. A contía do taxa, regulado nesta ordenanza, será a fixada nas tarifas que a continuación se detallan:

CONCEPTO	EUROS
Por cada m2. de rúa pública ocupada, ó mes	1'80 €.

2. Normas de aplicación das tarifas:

Cando as obras se interrompesen durante un tempo superior a dous meses, sen causa xustificada, as contías resultantes pola aplicación da tarifa segunda, sufrirán un recargo do cincuenta por cento a partir do terceiro mes, e en caso de que unha vez finalizadas as obras continúen os aproveitamentos, as contías serán recargadas nun cincuenta por cento.

Artigo 4º.- Normas de xestión.

De conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, cando con ocasión dos aproveitamentos regulados nesta ordenanza se producen desperfectos no pavimento ou instalacións da vía pública, os titulares das licencias ou os obrigados ó pagamento estarán suxeitos ó reintegro total dos gastos de reconstrución e reparación de tales desperfectos ou a repara-los danos causados, que serán, en todo caso, independentes dos dereitos liquidados polos aproveitamentos realizados.

2. As cantidades esixibles segundo as tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polos períodos naturais de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

3. As persoas interesadas na concesión de aproveitamento regulado nesta ordenanza, deberán solicitar previamente a correspondente licencia.

4. Se non se determinou con exactitude a duración do aproveitamento, unha vez autorizada a ocupación, entenderase prorrogada mentres non se presente a declaración de baixa.

5. A presentación da baixa surtirá efectos a partir do día primeiro do período natural de tempo seguinte ó sinalado no epígrafe da tarifa que corresponda. Sexa cal sexa a causa que se alegue en contra, a non presentación da baixa determinará a obrigaón de continuar aboando o taxa.

Artigo 5º.- Obrigaón do pagamento.

1. A obrigaón do pagamento do taxa regulado nesta ordenanza, nace:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos na vía pública, no momento de solicita-la correspondente licencia.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada semestre natural.

2. O pagamento do taxa realizarase:

a) Tratándose de autorizacións de novos aproveitamentos ou de aproveitamentos con duración limitada, por ingreso directo na Tesourería Municipal ou onde establece o Concello, pero sempre antes de retirar-la licencia ou documento que corresponda.

b) Tratándose de autorizacións xa concedidas e sen duración limitada, unha vez incluídas nos correspondentes padróns ou matrículas deste taxa, por semestres naturais nas oficinas de Recadación Municipal, dende o día 16 do primeiro mes do semestre ata o día 15 do segundo.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente ordenanza foi aprobada pola Corporación en Pleno o día vintenove de Outubro de mil novecentos noventa e oito, entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e comezará a aplicarse a partir do día un de xaneiro de mil novecentos noventa e nove, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 12.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO TAXA POR OCUPACIÓNS DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA.

Artigo 1.- Concepto.

De conformidade co previsto no artigo 117, en relación co artigo 41. A), ambos da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do subsolo, solo e voo da vía pública especificados nas tarifas contidas no artigo 3 seguinte, que se rexerá pola presente ordenanza.

Artigo 2º.- Obrigados o pagamento.

Están obrigados ó pagamento do taxa regulado nesta ordenanza, as persoas ou entidades a favor das cales se outorguen as licencias ou aquelas que se beneficien do aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna autorización.

Artigo 3º.- Contía.

A contía do taxa regulado nesta ordenanza será a seguinte:

1. Para as empresas explotadoras de servizos de subministración que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, a contía do taxa regulado nesta ordenanza consistirán en todo caso e sen ningunha excepción, no un e medio por cento dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente neste Concello as devanditas empresas.

A contía deste taxa que puidera corresponder a Telefónica de España S. A., está englobada na compensación en metálico de periodicidade anual a que se refire o apartado 1 do artigo 4 da Lei 15/1987, do 30 de xullo (Disposición Adicional Oitava da Lei 39/1988, do 28 de decembro).

2. Nos demais casos, por cada metro cadrado de solo ocupado, ou por cada metro lineal en proxección de voo, ou metro cúbico do subsolo ocupado, 0'60 euros.

Artigo 4.- Normas de xestión.

1. As cantidades esixibles segundo as tarifas. liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polos períodos de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

2. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza, deberán solicitar previamente a correspondente licenza e realiza-lo depósito previo a que se refire o artigo seguinte.

3. Unha vez autorizada a ocupación, se non se determinou con exactitude a duración do aproveitamento, entenderase prorrogada ata que se presente a declaración de baixa polos interesados.

4. A presentación da baixa surtirá efectos a partir do día primeiro do período natural de tempo seguinte sinalado nos epígrafes das tarifas. A non presentación da baixa determinará a obrigaón de continuar abonando o taxa.

Artigo 6.- Obrigaón do pagamento.

1. A obrigaón do pagamento do taxa regulado nesta ordenanza nace:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de solicita-la correspondente licencia.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na tarifa.

2. O pagamento do taxa realizarase:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, por ingreso directo na Tesorería Municipal ou onde establecese o Concello, pero sempre antes de retira-la correspondente licencia.

Este ingreso terá carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 47.1 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, quedando elevado a definitivo ó concederse a licencia correspondente.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa realizados e prorrogados, unha vez incluídos nos padróns ou matrículas deste taxa, por semestres naturais nas oficinas de Recadación Municipal, dende o día 16 do primeiro mes do semestre ata o día 15 do segundo mes.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente Ordenanza foi aprobada pola Corporación en Pleno o día vintenove de Outubro de mil novecentos noventa e oito, entrará en vigor unha vez publicada no BOP e cando transcorra o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e comezarase a aplicar a partir do día un de xaneiro de mil novecentos noventa e nove, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 13.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA APERTURA DE BURATOS OU FOXOS EN TERREOS DE USO PÚBLICO E CALQUERA REMOCIÓN DO PAVIMENTO OU BEIRARRÚAS NA VÍA PÚBLICA.

Artigo 1.-Concepto.

De conformidade co previsto no artigo 117, en relación co artigo 41.A), ambos da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais pola apertura de buratos ou foxos en terreos de uso público e calquera remoción do pavimento ou beirarrúas na vía pública, especificado nas tarifas contidas no apartado 2 do artigo terceiro seguinte, que se rexerá pola presente ordenanza.

Artigo 2.- Obrigados ó pagamento.

1. Están obrigados ó pagamento do taxa regulado nesta ordenanza, as persoas ou entidades o favor das cales se outorguen as licencias, ou aquelas que se beneficien ou realicen os aproveitamentos, se se procedeu sen a oportuna autorización.
2. Así mesmo están obrigados ó pagamento do taxa regulado nesta ordenanza as persoas ou entidades que destrúan ou deteriorenen o dominio público local, de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, aínda cando fosen as mesmas persoas ou entidades interesadas as que efectúen a súa reposición, así como os gastos que orixine o control de calidade dos pavimentos e a comprobación de densidades alcanzadas no reenchido de foxos.

Artigo 3.- Contía.

1. A contía do taxa regulado nesta ordenanza calcularase de acordo cos conceptos e importes establecidos nos correspondentes números dos epígrafes da tarifa contida no apartado 3 seguinte.
2. A devandita contía comprenderá, no seu caso, a suma dos seguintes apartados
 - a) Epígrafe A), concesión da licenza.
 - b) Epígrafe B), aproveitamento da vía pública.
3. As tarifas do taxa serán as seguintes:
Epígrafe A). Concesión da licenza de obra na vía pública.

As cotas esixibles son as que a continuación se detallan:

CONCEPTOS	EUROS
Número 1. Por cada licenza para construír ou suprimir pasos de carruaxes ou para a apertura de buratos ou foxos para a reparación de avarías, novas acometidas, etc., onde o largo exceda de un metro.	22'54
Número 2. Por cada licenza para construír ou reparar beirarrúas deterioradas polos particulares ou para a apertura de buratos ou foxos para a reparación de avarías, novas acometidas, etc., ata un metro de largo.	15'03

Epígrafe B). Aproveitamentos da vía pública.

1. Para a fixación das cotas comprendidas no epígrafe, as rúas do Concello clasifícanse nunha única categoría

2. As cotas esixibles son as seguintes:

CONCEPTOS	IMPORTE M.L.
Apertura de buratos ou foxos para a conducción de cables, encañamentos ou calquera outro uso nas beirarrúas ou vías públicas, onde o largo non exceda de un metro.	0'60 €.
Cando o largo do burato ou foxo exceda de un metro incrementárase nun 50 por 100 a tarifa consignada no apartado anterior.	

Artigo 4.- Normas de xestión.

1. De conformidade co previsto no artigo 47.1 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, e co fin de garantir en todo caso os dereitos da Administración, toda solicitude de licenzia para que poida ser admitida a trámite, deberá acompañarse dun xustificante do depósito previo deste taxa.

2. A liquidación do depósito previo practícarase tendo en conta os datos formulados polo interesado.

3. O depósito provisional non causará ningún dereito e non facultará para realiza-las obras, que só se poderán levar a cabo cando se obteña a licenzia.

4. A liquidación practicada conforme as normas anteriores, elevarase a definitiva unha vez recaída a resolución sobre a concesión da licenzia, e se fora denegada, o interesado poderá solicita-la devolución do depósito constituído.

5. Consideraranse caducadas as licenzias se, despois de outorgadas, transcorren trinta días sen comeza-las obras. Unha vez iniciadas estas, deberán continuarse sen interrupción.

6. Cando se trate de obras que deban ser executadas inmediatamente polos graves prexuízos que a demora puidera producir (fugas de gas, fusión de cables etc.), poderán iniciarse as obras sen obte-la autorización municipal, coa obriga de solicita-la licenzia dentro das vinte e catro horas seguintes ó seu comezo e xustifica-la razón da súa urxencia.

7. Cando non se trate da apertura de foxos para a conexión de augo, reparación do pavimento ou terreo removido será, en todo caso, do exclusivo cargo e a conta de quen se beneficiara deles. En garantía de que o interesado proceda á perfecta reparación daqueles, para poder tramita-la solicitude deberá acredita-la constitución da correspondente fianza. Se a garantía constituída non fora suficiente para cubri-lo montante das obras a executar, o interesado aboará a diferenza conforme a conta que formule o técnico municipal.

8. O recheo de foxos e a reposición do pavimento será realizada polo Concello ou, cando este o considere oportuno, polo concesionario, debendo facerse constar neste último caso a devandita circunstancia no documento da licenzia ou no volante de urxencia que resulte preciso utilizar.

9. No caso de que, efectuada a reparación do pavimento polo concesionario da licenzia, os servizos municipais estimen, logo das comprobacións pertinentes, que as obras non se realizaron de acordo coas esixencias técnicas correspondentes, o Concello poderá proceder á demolición e nova construción das obras defectuosas, quedando obrigado o concesionario da licenzia a satisfacer-los gastos que se produzan pola demolición, recheo de foxos e nova reposición do pavimento.

10. A Sección Técnica Municipal correspondente, comunicará á intervención municipal o prazo concedido, en cada caso, para a utilización do foxo. Se transcorrido o prazo autorizado continuara aberto este ou non quede totalmente reparado o pavimento e en condicións de uso normal, liquidaranse novos dereitos de conformidade coa tarifa, sen prexuízo das sancións que puideran impoñerse pola Alcaldía.

11. Establécese unha fianza para garanti-la reposición da vía pública ó seu estado orixinal sen deterioro, de 6'01 euros por metro lineal, cun mínimo de 30'05 euros. A devandita fianza devolverase ó solicitante unha vez finalizadas as obras e informada favorablemente polo órgano competente da Administración Municipal.

Artigo 5.- Obrigación do pagamento.

1. A obrigación do pagamento do taxa regulado nesta ordenanza, nace no momento de solicita-la licenza para realizar calquera clase de obra na vía pública, ou desde que esta se realice , se se procedeu sen autorización.

2. O pagamento do taxa realizarase por ingreso directo na Tesourería Municipal e onde establececese o Concello.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente ordenanza foi aprobada pola Corporación en Pleno o día vintenove de Outubro de mil novecentos noventa e oito, entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e cando transcorrida o prazo a que se refire o artigo 70.2 da Lei 7/1.985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e comezará a aplicarse a partir do un de xaneiro de mil novecentos noventa e nove, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 14.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS ACERAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE.

Artigo 1.- Concepto

De conformidade co previsto no artigo 117, en relación co artigo 41.A), ambos da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais por entradas de vehículos a través das aceras e a reserva da vía pública para aparcamentos exclusivos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, especificado nas tarifas contidas no apartado 2 do artigo 4 seguinte, que se rexerá pola presente ordenanza.

Artigo 2.- Obrigados o pagamento.

Están obrigados o pagamento do taxa regulado nesta ordenanza as persoas ou entidades a favor das cales se outorguen as licencias, ou quen se beneficien do aproveitamento se se procedeu sen a oportuna autorización.

Artigo 3.- Categoría das rúas ou polígonos.

Os efectos previstos para a aplicación da tarifa do apartado 2 do artigo 4 seguinte, as vías públicas deste Concello clasifícanse nunha única categoría.

Artigo 4.- Contía.

A contía do taxa regulado nesta ordenanza será a seguinte:

- Por metro lineal de beirarrúa ou vía pública afectados, tres euros e sesenta e un céntimos de (3,61 €) euro cun mínimo de dez euros e oitenta e tres céntimos de (10,83 €) euros anuais.
- Pola concesión da licencia, nove euros e dous céntimos de (9,02 €) euro.

Artigo 5.- Normas de xestión.

1. As cantidades esixibles con arreglo ás tarifas, liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polos períodos naturais do tempo sinalados nos respectivos epígrafes.
2. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licencia, realizar o depósito previo a que se refire o artigo seguinte e formular declaración acompañando un plano detallado do aproveitamento e da súa situación dentro do Concello.
3. Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non encontrar diferencias cas peticións de licencias; se se deran diferencias, notificaranse as mesmas os interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan

concedéndose as autorizacións unha vez subsanadas as diferencias polos interesados e, no seo caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.

4. Nos vaos permanentes o Concello facilitará ó usuario unha placa ou sinal homologada cando lle sexa concedida a licencia correspondente.

5. No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar este Concello a devolución do importe ingresado.

6. Unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada mentres non se presente a declaración da baixa polo interesado.

7. A presentación da baixa surtirá efectos a partir do primeiro día do ano natural seguinte a súa presentación. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar abonando o taxa.

Artigo 6.- Obrigación do pagamento.

1. A obriga de pago do taxa regulado nesta ordenanza nace:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de solicitar a correspondente licencia.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada ano natural.

2. O pago do taxa realizarase:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, por ingreso directo na Tesorería Municipal ou onde establecese o Concello pero sempre antes de retirar a licencia. Este ingreso terá carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 47.1 da Lei 39/1988 do 28 de decembro, quedando elevado a definitivo o concederse a licencia correspondente.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa realizados e prorrogados, unha vez incluídos nos padróns ou matrículas deste taxa, por anos naturais nas oficinas de recadación municipal nas datas que se sinalan.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente ordenanza que foi aprobada polo Concello no Pleno do día dezoito de Setembro de dous mil, entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e transcorrira o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1.985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e comezará a aplicarse a partir do día un de xaneiro de dous mil un e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 15.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO TAXA POR POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENTA, ESPECTÁCULOS OU ATRACCIÓNS SITUADAS EN TERREO DE USO PÚBLICO E INDUSTRIAS CALEXEIRAS E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICO.

Artigo 1º.- Concepto.

De conformidade co previsto no artigo 117 en relación co artigo 41.A), ambos da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais derivados da ocupación da vía pública ou terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venta, espectáculos ou atraccións, industrias calexeiras e ambulantes e rodaxe cinematográfico, especificado nas tarifas contidas no artigo 3º seguinte, que se rexerá pola presente ordenanza.

Artigo 2º.- Obrigados o pagamento.

Están obrigados o pagamento do taxa regulado nesta ordenanza as persoas ou entidades o favor das cales se outorguen as licencias, ou quen se beneficien do aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna autorización.

Artigo 3º.- Contía.

1. A contía do taxa regulado nesta ordenanza será a que figura na seguinte tarifa:

EPÍGRAFE	DIARIO-EUROS
Por ocupación da vía pública na Av. José Antonio, por m2.	1'50
Nos días de feira e no campo da feira e zonas anexas	0

Fora dos indicados lugares e no seu caso datas, non se permitirá a venta ambulante. O Concello poderá establecer para determinada temporada, os terreos municipais de uso público, nos que permitirá a instalación de teatros, cinematógrafos, circos e outros espectáculos, e adxudicar os devanditos terreos mediante licitación, conforme ás vixentes normas de contratación municipal.

As adxudicacións faranse por temporada concreta, con expresión de data a data e se a ocupación continuara pasado o último día, liquidaranse os días de prórroga proporcionalmente ó importe no que fora adxudicado.

Os dereitos fixados na tarifa anterior, así como o importe da adxudicación mediante subasta, enténdense pola concesión da ocupación, independentemente de que a actividade se leve ou non a cabo, polo que non se poderá conceder bonificación algunha por causa das choivas, restriccións no subministro de enerxía eléctrica ou calquera outra de forza maior.

As instalacións serán montadas e desmontadas no prazo máximo de dous días, antes e despois respectivamente, do tempo polo que se faga a adxudicación ou se conceda a

licencia, devengándose, en outro caso, os dereitos correspondentes por cada día de exceso.

Artigo 4º.- Normas de xestión.

1. As cantidades esixibles con arreglo á tarifa liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polo período de tempo autorizado.

2.) Os emprazamentos, instalacións, postos etc., poderán sacarse a licitación pública e o tempo de licitación en concepto de taxa mínimo que servirá de base, será a contía fixada na tarifa desta ordenanza.

b) Procederáse con antelación á subasta a formación dun plano dos terreos dispoñibles para ser subastados, numerando as parcelas que sexan obxecto de licitación e sinalando a súa superficie. Así mesmo indicaranse as parcelas que poidan dedicarse a coches de choque, circos, teatros, bares, restaurantes, pulperías, bixuterías, etc.

c) Se algún concesionario dos aproveitamentos utilizase maior superficie que aquela que lle fora adxudicada en subasta ou autorizada na licenza, satisfará por cada metro cadrado utilizado de mais, o douscentos por cento do importe da puxanza ou licenza, ademais do importe do remate ou da contía fixada pola tarifa respectivamente. O mesmo porcentaxe aplicarase a quen se estableza sen autorización ou nun lugar distinto dos sinalados.

3. a) As persoas ou entidades interesadas na concesión dos aproveitamentos regulados nesta ordenanza e non sacados a licitación pública, deberán solicitar previamente a correspondente licenza, realizar o depósito previo a que se refire o artigo 6.2 a) seguinte e formular declaración na que conste a superficie do aproveitamento e os elementos que se van a instalar, así como un plano detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación dentro do Concello.

b) Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non encontrar diferencias cas peticións de licencias; se se deran diferencias notificarase os interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez subsanadas as diferencias polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.

c) No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar este Concello a devolución do importe ingresado.

4. Non se consentirá ningunha ocupación da vía pública ata que se abonara e obtivera polos interesados a licenza correspondente.

5. As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da licenza, sen prexuízo das contías que corresponda abonar os interesados.

Artigo 6º.- Obrigación do pagamento.

1. A obriga de pagamento do taxa regulado nesta ordenanza nace:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de solicitar a correspondente licenza.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na tarifa.

2. O pagamento deste taxa realizarase:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, por ingreso directo na Tesorería Municipal ou onde establecece o Concello, pero sempre antes de retirar a correspondente licencia.

Este ingreso terá carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 47.1 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, quedando elevado a definitivo o concederse a licencia correspondente.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídas nos padróns ou matrículas deste taxa, por semestres naturais, nas oficinas da Recadación Municipal, dende o día 16 do primeiro mes do semestre ata o día 15 do segundo.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente ordenanza foi aprobada pola Corporación en Pleno o día vintenove de Outubro de mil novecentos noventa e oito, entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e transcorrerá o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e comezará a aplicarse a partir do día un de xaneiro de mil novecentos noventa e nove, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 16.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

Artigo 1º

A partires do un de xaneiro de mil novecentos noventa e dous, esixirase no Concello da Pobra de Brollón o Imposto sobre Actividades Económicas (I.A.E.) de conformidade co establecido na lexislación vixente.

Artigo 2º

O Concello delega na Administración do Estado as competencias que sobre este imposto lle correspondan e que a lexislación vixente establece como delegables, con subxección ás condicións que se establezan.

Artigo 3º

Establécese no 1,4 o coeficiente de incremento previsto no artigo 88 da Lei 39/1.988 de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.

Non se establece ningún índice de situación, polo que será de aplicación en todo o Concello o 1.

Artigo 4º

1.- Quen inicie o exercicio de calquera actividade empresarial e tributen por cota mínima municipal, disfrutarán, durante os cinco primeiros anos dunha bonificación do cincuenta por cento (50%) da cota correspondente. A bonificación aplicarase sobre a cota tributaria integrada pola cota de tarifa modificada pola aplicación do coeficiente e índice de situación sinalados no artigo 3 desta Ordenanza.

2.- Para poder disfrutar da bonificación sinalada no punto anterior requírese que a actividade económica non se exercea anteriormente baixo outra titularidade. Entenderase que a actividade económica exerceuse anteriormente baixo outra titularidade nos supostos, entre outros, de fusión, excisión ou aportación de ramas de actividade.

3.- O período a que se refire o punto 1 deste artigo rematará, en todo caso, transcorridos cinco anos dende a primeira declaración de alta.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente Ordenanza Fiscal da que a redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do Concello con data cinco de marzo de mil novecentos noventa e nove, entrará en vigor de acordo co establecido no artigo 17.4 da Lei 39/1988, será de aplicación a partires do un de xaneiro de mil novecentos noventa e nove, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL Nº 17.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO.

Artigo 1.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 en relación co 20 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo e o establecido na Lei 25/1998 do 13 de xullo, este Concello establece a “taxa polo servizo de axuda a domicilio”, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado texto refundido.

Artigo 2.- Feito imponible:

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación polo Concello ós interesados do servizo de axuda a domicilio tal como se establece na ordenanza reguladora do mesmo.

Artigo 3.- Suxeito pasivo:

Están obrigados o pago da taxa regulada pola presente ordenanza os beneficiarios da prestación do servizo que o solicitasen e nas condicións que se establecen na mesma.

Artigo 4.- Responsables:

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Cota:

1.- A cota será unha porcentaxe sobre o custo real do servizo prestado, en función da capacidade económica do usuario

2.- Para os efectos deste artigo considerase persoa usuaria aquela para a cal se solicite o SAF. No suposto de intervencións con familias, entenderase como persoa usuaria a un dos membros adultos da unidade de convivencia responsable dos menores que formen parte dela.

3.- No caso de que a capacidade económica do usuario/a sexa igual ou inferior o indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM) quedará exento/a da obriga de participar no custo do servizo.

4.- Para o resto dos supostos regularase de acordo coa seguinte táboa:

Ingresos IPREM	Taxa de achega do usuario
Ata 100%	Servizo gratuito
Entre o 100% e o 150%	10%
Entre o 150% e o 250%	15%

Entre o 250% e o 300%	20%
Entre o 300% e o 350%	28%
Entre o 350% e o 400%	37%
Entre o 400% e o 450%	45%
Entre o 450% e o 500%	60%
Máis do 500%	65%

5.- O prezo da hora para o ano 2010 fíxase en 12,10 €. A dito prezo se lle aplicará cada día un de xaneiro o incremento experimentado polo I.P.C. anual do ano anterior ou indicador que no seu caso o substitúa.

6.- Sen prexuízo do establecido nos puntos anteriores, poderán establecerse excepcións os criterios xerais nos supostos en que a problemática principal atendida sexa a desestruturación familiar e se procure a integración e protección social de menores en risco de exclusión, mediante resolución motivada do órgano competente para acordar a concesión do servizo, da que en todo caso deberá deixar constancia no correspondente expediente.

Artigo 6.- Determinación da capacidade económica dos usuarios.

1.- A capacidade económica das persoas usuarias calcularase en atención a súa renda. Teranse en conta así mesmo as persoas convivistes dependentes economicamente do solicitante.

2.- A renda valorarase atendendo aos ingresos que se perciba, comprendendo os rendementos de traballo así como as pensións e prestacións de previsións sociais, calquera que sexa o seu réxime.

3.- No suposto de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, computarán as rendas de ámbolos dous, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ámbolos dous membros da parella.

4.- A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, entre a suma dos seguintes convivintes: o preceptor ou preceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade que dependesen economicamente dos seguintes preceptores.

5.- Para o cómputo da renda teranse en conta os datos correspondentes a última declaración fiscal dispoñibles ou pensión coñecida.

6.- O concello establecerá os mecanismos de revisión anual para a actualización da información da capacidade económica.

Artigo 7.- Obriga de pago.

A obriga de pago da taxa regulada nesta ordenanza nace dende que se inicia a prestación do servizo de axuda a domicilio ó interesado, e permanece mentres continúe a prestación do servizo.

Mensualmente practicaranse liquidacións a cargo de beneficiario que lle serán notificadas para o seu ingreso nas arcas municipais no prazo de quince días dende a recepción da notificación.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA:

A partir de ser de aplicación a presente ordenanza, queda derogada a aprobada polo pleno do concello o día vinte e nove de outubro de mil novecentos noventa e oito e cantos outros acordos se opoñan ao disposto na mesma.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente ordenanza fiscal, segundo a redacción definitiva aprobada polo Pleno do Concello o día nove de xullo de dous mil dez, entrará en vigor mesmo día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e comezará a súa aplicación a partir do día un de agosto de dous mil dez ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 19

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PARTICIPACIÓN EN EXCURSIÓNS ORGANIZADAS POLO CONCELLO.

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

Ó abeiro do establecido no artigo 41 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobada por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, que establece que as entidades locais poderán establecer prezos públicos pola prestación de servizos da competencia da entidade local sempre que non concorran ningunha das circunstancias especificadas na letra B) do artigo 20.1 do mesmo texto refundido, o Concello da Pobra do Brollón establece o Prezo Público pola participación en excursións organizadas polo Concello, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2º.- Feito imponible.

O concello da Pobra do Brollón realiza excursións para diversos colectivos, xoves, terceira idade... ou veciños en xeral a diversos lugares fora do termo municipal. Constitúe o feito imponible deste prezo público o de participar nalgunha destas excursións.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos deste prezo público as persoas que participen nas excursións organizadas polo concello.

Artigo 4º.- Exencións.

Non se prevé ningunha exención.

Artigo 5ª.- Prezo do servizo.

O prezo do servizo será o que se detalla en función da distancia dende A Pobra do Brollón e o punto de destino:

Distancia	Prezo
Ata 20 Km. inclusive	2,00 €
Máis de 20 Km. ata 30 Km. inclusive	3,00 €
Máis de 30 Km. ata 50 Km. inclusive	5,00 €
Máis de 50 Km. ata 100 Km. inclusive	8,00 €
Máis de 100 Km. Ata 150 Km. inclusive	10,00 €
Máis de 150 Km. ata 200 Km. inclusive	12,00 €
Máis de 200 Km. por cada tramo de 50 Km.	3,00 €

Artigo 6º.- Devengo.

Devéngase o prezo público e nace a obriga de contribuír dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, isto é, dende o momento no se solicita e se fai reserva de praza para a excursión de que se trate.

Só motivos de forza maior que imposibiliten totalmente a utilización do servizo solicitado e debidamente acreditados e comunicados á organización coa suficiente antelación serán causa de anulación da liquidación e devolución das cantidades anuladas.

Artigo 7º.- Pagamento.

O pagamento realizarase no momento de realiza-la solicitude ou reserva de praza, estendéndose polo encargado do servizo un recibo pola cantidade cobrada.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente Ordenanza da que a redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do Concello con data vinte de dous de outubro de dous mil nove, entrará en vigor unha vez publicada no B.p.O. de Lugo e será de aplicación a partir do mesmo día da súa publicación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 20

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA VENTA DE LIBROS EDITADOS POLO CONCELLO.

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

Ó abeiro do establecido no artigo 41 da Lei 39/1.988 de 28 de Decembro Reguladora das Facendas Locais na súa actual redacción, que establece que as entidades locais poderán establecer prezos públicos pola prestación de servizos da competencia da entidade local sempre que non concorran ningunha das circunstancias especificadas na letra B) do artigo 20.1 da mesma Lei, o Concello da Pobra do Brollón establece o Prezo Público pola venta de libros editados polo Concello, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2º.- Feito imponible.

O feito imponible deste prezo público e a venda ó público de libros editados polo Concello da Pobra do Brollón, tanto directamente como mediante distribución concertada.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

Na venta directa son suxeitos pasivos deste prezo público as persoas que adquiran un ou varios libros editados polo Concello.

Na distribución concertada, son suxeitos pasivos os libreiros que adquiran, ó prezo establecido para este suposto, libros ó Concello para a súa venta a terceiros.

Artigo 4º.- Exencións.

Non se prevé ningunha exención.

Artigo 5º.- Prezo.

Establécese o prezo por exemplar que para cada libro se indica:		Prezo	I.V.E	Total	P.V.P
		€	€	€	€
Guía turístico-cultural da Pobra do Brollón	Distribución propia	5'20	0'21	5'41	5'41
	Distribución concertada	3'64	0'15	3'79	5'41

Na distribución concertada correspóndelle o 70% do prezo de venda ó público ó Concello, e o 30% restante á librería.

Artigo 6º.- Devengo.

Devéngase o prezo público e nace a obriga de contribuír no momento en que se adquiere o libro directamente no Concello ou no que son entregados a librería para a súa venta.

Artigo 7º.- Pagamento.

Na venta directa, o pagamento realizarase no momento da adquisición do libro ou libros polos interesados.

Na venta concertada realizarase o pagamento no momento da entrega a librería dos exemplares solicitados. mediante a expedición da correspondente factura e recibo do importe no seu caso.

Sen embargo o Concello poderá concertar coas librerías a entrega en depósito para a súa venta dun determinado número de exemplares. Neste caso o pagamento realizárase no prazo que se estableza ou periodicamente polos libros xa vendidos, e, en todo caso, antes de facer un novo depósito de libros.

Se a librería devolve todos ou parte dos libros depositados, e estes estivesen en perfecto estado, os exemplares devoltos non serán facturados.

En calquera momento o Concello poderá retirar todos ou parte dos libros depositados nunha ou varias librerías que non fosen xa vendidos sen que isto de lugar a dereito a indemnización ou compensación de ningún tipo a favor da librería. No caso de resolver retirar tódolos libros non vendidos nunha librería, facturarase polo total de libros non devoltos

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente Ordenanza da que a redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do Concello con data dezoito de setembro de dous mil, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e será de aplicación a partir do día en que se poña a venta o libro, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 21

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA IMPRESIÓN DE DOCUMENTOS A SOLICITUDE DE TERCEIRO.

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

Ó abeiro do artigo 41 da Lei 39/1988 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais, na redacción dada polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que establece que as entidades locais poderán establecer prezos públicos pola prestación de servizos de competencia municipal sempre que non concorra ningunha das circunstancias especificadas na letra B) do artigo 20.1 da mesma Lei, o concello da Pobra do Brollón establece o prezo público polo servizo de impresión, a instancia de terceiro, de documentos obtidos a través de internet que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2º.- Feito imponible.

O feito imponible é a obtención polo interesado de documentos impresos elaborados nos ordenadores do Concello ou do servizo de Internet Rural.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos deste prezo público as persoas físicas ou xurídicas que soliciten o servizo e ás que se lle entreguen os documentos impresos. No caso das persoas xurídicas, responderán solidariamente a persoa física que a represente e que materialmente reciba os documentos.

Artigo 4º.- Exencións.

Non se prevé ningunha exención.

Artigo 5º.- Prezo do servizo.

Establécese o prezo que se indica polo servizo de que se trata:

Concepto	Importe
Por cada folio impreso en branco e negro	0,30 €
Por cada folio impreso en cor	1,00 €

Artigo 6º.- Devengo.

Devéngase o prezo público e nace a obriga de pago dende o momento en que se solicite a prestación do servicio e este se leve a efecto.

Artigo 7º.- Pago.

O pago do servizo realizarase ó fin da prestación do servicio, isto é, no momento da entrega da folla ou follas impresas.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente Ordenanza da que a redacción definitiva foi aprobada pola Xunta de Goberno Local con data vintetrés de agosto de dous mil sete, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e será de aplicación a partir do día un de Xaneiro de dous mil oito, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 22.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO PUNTO LIMPO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN

Artigo 1º.- Fundamento e natureza..

No exercicio da potestade tributaria outorgada, con carácter xeral, polos artigos 133.2, 142 da Constitución Española, e 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e a que, en particular, concede respecto das taxas o artigo 57 do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de Punto Limpo, baseándose en que se trata da prestación dun servizo público e/ou a realización dunha actividade administrativa en réxime de dereito público de competencia local que se refire, afecta ou beneficia de xeito particular ó suxeito pasivo e non é prestado polo sector privado.

Artigo 2º.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible a prestación do servizo de Punto Limpo de acordo coa ordenanza que o regula que inclúe os servizos de recollida, depósito, tratamento e eliminación dos residuos citados na ordenanza.

Naqueles supostos nos que se considere conveniente, poderán celebrarse convenios, tanto con outras administracións públicas como con empresas privadas, que por razón da súa magnitude, capacidade técnica e económica ou situación física do termo municipal resulten beneficiosos para a prestación do servizo.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Tributaria, que soliciten, resulten beneficiadas ou afectadas polo servizo que forma parte do feito imponible desta Ordenanza.

Artigo 4º.- Cota tributaria.

1.- A cota tributaria do servizo de recollida domiciliaria no termo municipal da Pobra do Brollón de residuos con destino ó punto limpo será a seguinte:

Natureza	Taxa
Residuos de ata 0,125 m ³ .	3,02 €
Residuos que superen dita medida	6,05 €

2.- A cota tributaria polo servizo de depósito tratamento e eliminación dos residuos será a seguinte:

2.1.- Veciños da Pobra do Brollón suxeitos á taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo, 0.50 € ó mes.

2.2.- Para o resto dos usuarios do concello ou doutros concellos a taxa se calculará de acordo coa seguinte tarifa:

RESIDUO	TAXA
Aceites	1,21 €/Kg
Aerosois	12,10 €/ entrega
Baterías	2,42 €/ unidade
Madeiras	3,63 €/unidade
Metais	6,05 €/entrega
Papel e cartón	1,21 €/entrega
Pilas	2,42 €/entrega
Pinturas, disolventes, vernices,...	1,21 €/Kg
Plásticos	1,21 €/entrega
Radiografías	0,40 €/unidade
Electrodomésticos con CFCs	12,10 €/unidade
Restos electrodomésticos ata 0,125 m ³ incluídos	3,63 €/unidade
Restos electrodomésticos a partir de 0,125 m ³ .	6,05 €/unidade
Fluorescentes	1,21 €/unidade
Colchóns, sofás	3,63 €/unidade
Terras e escombros	6,05 €/20 kg
Téxtiles	1,21 €/entrega
Vidro	1,21 €/entrega

3. No exercicio 2011 e sucesivos as tarifas do punto 2 deste artigo e a contía do punto 4 do mesmo se incrementarán para cada ano no importe do incremento do I.P.C. correspondente ao período entre o un de xaneiro e o trinta e un de decembro do exercicio anterior.

Artigo 5º.- Devengo.

O devengo prodúcese cando se presenta a solicitude que inicie a actuación ou cando se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade.

Artigo 6º.- Réxime de declaración e ingreso.

A taxa prevista no punto 2.1 do artigo 4, se liquidará xunto coa do servizo de Recollida e tratamento de lixo e se cobrará no mesmo recibo nos períodos que para aquela se establezan.

O ingreso das taxas previstas nos puntos 1 e 2.2 realizarase no momento da utilización do servizo, mediante declaración-liquidación.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente ordenanza, unha vez aprobada polo Pleno do Concello, comezará a aplicarse o día da súa entrada en vigor, que terá lugar o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, continuando a súa aplicación ata a súa modificación ou derogación expresa e sempre que este xa en funcionamento o servizo.

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 23

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PARTICIPACIÓN EN PROCESOS SELECTIVOS PARA O NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO OU A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO.

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

Ó abeiro do artigo 20 da Lei 39/1988 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais, na redacción dada polo Real Decreto Legislativo 2/82004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que establece que as entidades locais poderán establecer taxas pola prestación de servizos de competencia municipal, o Concello da Pobra do Brollón establece a taxa pola participación nos procesos selectivos para o nomeamento de persoal funcionario ou a contratación de persoal laboral fixo que convoque o concello.

Artigo 2º.- Feito imponible.

O feito imponible é a participación nos procesos selectivos para o nomeamento de persoal funcionario ou a contratación de persoal laboral fixo.

Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas que soliciten participar nos citados procesos selectivos presentando a instancia correspondente.

Artigo 4º.- Exencións

Non se prevé ningunha exención.

Artigo 5º.- Prezo do servizo.

Establécese o prezo que se indica polo servizo de que se trata.

Concepto	Prezo
Participación en cada un dos procesos selectivos de persoal funcionario ou laboral fixo	20,00 €

Artigo 6º.- Obriga de pagamento.

Nace a obriga de pagamento no momento da inscrición no proceso selectivo que se convoque. No caso previsto na disposición adicional, a obriga de pagamento nace no momento en que se obteña a documentación a que se refire.

En ningún caso a renuncia ou exclusión do proceso por calquera motivo será causa de devolución da taxa ou de desaparición da obriga.

Artigo 7º.- Pagamento.

O pagamento da taxa do servizo realizarase no período de presentación de instancias para a participación no proceso selectivo de que se trate. O non pagamento da taxa será motivo de exclusión no proceso.

DISPOSICIÓN ADICIONAL:

Cando para a preparación das probas selectivas o concello deba de facilitar ós aspirantes documentación ou programas en soporte informático, e os poña de maneira pública a dispor dos interesados antes da convocatoria, estes farán efectivo o pagamento da contía establecida no momento no que se lle facilite dita documentación, pagamento que terá a consideración de a conta da taxa que corresponda. A non presentación en prazo da instancia ou a renuncia a participar no proceso non suporán a devolución do importe ingresado.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente Ordenanza da que a redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do Concello con data tres de novembro de dous mil oito , entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo continuando a súa aplicación ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 24

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO SERVIZO DE ACTIVIDADES DE LECER.

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

Ó abeiro do artigo 41 da Lei 39/1988 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais, na redacción dada polo Real Decreto Lexislativo 2/82004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que establece que as entidades locais poderán establecer prezos públicos pola prestación de servizos de competencia municipal sempre que non concorran ningunha circunstancia especificada na letra B) do artigo 20.1 da mesma Lei, o Concello da Pobra do Brollón establece o prezo público pola participación nas actividades de lecer que organice o concello.

Artigo 2º.- Feito imponible.

O feito imponible é a participación nas actividades de lecer que organice o concello nas que sexa por conta deste a contratación e pagamento do persoal.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos deste prezo público as persoas físicas que estean interesados en participar ou continuar nas actividades descritas.

Artigo 4º.- Exencións.

Non se prevé ningunha exención.

Artigo 5º.- Prezo do servizo.

Establécese o prezo que se indica polo servizo de que se trata.

Concepto	Prezo mensual
Participación na ximnasia de mantemento	Cinco euros (5,00 €)

Participación no curso de manualidades	Cinco euros (5,00 €)
--	----------------------

Artigo 6º.- Obriga de pagamento.

Nace a obriga de pagamento dende o momento da inscrición ou prorroga nas actividades.

Artigo 7º.- Pagamento.

O pagamento do servizo realizarase trimestralmente antes do primeiro día de cada trimestre natural.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Cando se establezan novas actividades non previstas na presente se aplicará provisionalmente o prezo establecido para actividades similares sen prexuízo de que o Pleno aprobe a correspondente modificación da presente ordenanza para recoller o novo feito impositivo.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente Ordenanza da que a redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do Concello con data tres de novembro de dous mil oito , entrará en vigor día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo continuando a súa aplicación ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 25

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLO FUNCIONAMENTO DA ESCOLA DE MÚSICA, DANZA E ARTES ESCÉNICAS SAMOEIRO.

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

Ó abeiro do artigo 41 da Lei 39/1988 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais, na redacción dada polo Real Decreto Lexislativo 2/82004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que establece que as entidades locais poderán establecer prezos públicos pola prestación de servizos de competencia municipal sempre que non concorra ningunha circunstancia especificada na letra B) do artigo 20.1 da mesma Lei, o Concello da Pobra do Brollón establece o prezo público pola participación nas actividades da Escola de música, danza e artes escénicas “Samoeiro”

Artigo 2º.- Feito imponible.

O feito imponible é a participación nas actividades que se desenvolverán na escola de música, danza e artes escénicas “Samoeiro”.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos deste prezo público as persoas físicas que estean interesados en participar ou continuar nas actividades da escola

Artigo 4º.- Exencións

Non se prevé ningunha exención.

Artigo 5º.- Prezo do servizo.

Establécese o prezo que se indica polo servizo de que se trata:

Concepto	Prezo anual
Matrícula individual durante o curso nas actividades da Escola de música, danza e artes escénicas “Samoeiro”, incluíndo unha materia	70,00 €
Matrícula durante o curso nas actividades da Escola de música, danza e artes escénicas “Samoeiro” cando se inscriban máis dun membro da	60,00 €

mesma unidade familiar de convivencia, incluíndo unha materia	
---	--

Para os efectos desta ordenanza se entende por unidade familiar de convivencia a formada exclusivamente por unha parella o os fillos de calquera deles que figuren empadroados no mesmo domicilio.

Artigo 6º.- Obriga de pagamento.

Nace a obriga de pagamento no momento da inscrición ou prorroga nas actividades.

Artigo 7º.- Pagamento.

O pagamento do servizo realizarase no momento da inscrición.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente ordenanza fiscal, segundo a redacción definitiva aprobada pola Pleno do Concello o día nove de xullo de dous mil dez, entrará en vigor mesmo día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e comezará a súa aplicación a partir do día un de agosto de dous mil dez ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 26

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA, RENOVACIÓN, INSCRICIÓN REXISTRAS E AS SÚAS MODIFICACIÓN E CANCELACIÓN DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.

Artigo 1.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 en relación co 20 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo e o establecido na Lei 25/1998 do 13 de xullo, este Concello establece a “por expedición de licenza, renovación, inscrición rexistras e as súas modificación e cancelación de animais potencialmente perigosos”, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado texto refundido.

Artigo 2.- Feito imponible

O feito imponible da taxa é a actividade municipal conducente á verificación do cumprimento das condicións reguladas nesta Ordenanza para a concesión da licenza indicada, a actividade de control que se efectuará nas renovacións que da mesma deban verificarse, a tramitación, control e custodia que dela se establece e aqueles outros servizos que se recollen nas Tarifas desta Ordenanza.

Artigo 3.-Suxeito Pasivo

Son suxeitos pasivos da Taxa os propietarios de animais que soliciten a inscrición no rexistro municipal, e os propietarios que soliciten a expedición da licenza ou que renoven a mesma.

Artigo 4.-Responsables

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1º e 39º da Lei Xeral Tributaria.

2.- *Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedade e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40º da Lei Xeral tributaria.*

Artigo 5.-Devengo

1.- O devengo das taxas producirase coa solicitude de calquera dos actos ós que se refire o feito imponible.

2.- A non concesión da licenza, cando no sexa debido a incumprimentos formais do suxeito pasivo, dará lugar á devolución das cantidades autoliquidadas.

Artigo 6.-Cotas

A cota correspondente á taxa pola concesión de licenza de tenencia de animais potencialmente perigosos, establécese segundo sigue:

Concepto	Taxa
Concesión da Licenza	30,00€
Renovación	15,00€
Inscripción no Rexistro	6,00€

Artigo 7.-Ingreso da Taxa

O ingreso da Taxa efectuarase en réxime de autoliquidación e con carácter previo ó acto que o motiva.

Artigo 8.- Lexislación supletoria

Naquilo non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos no citado Texto Refundido, e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente ordenanza fiscal, segundo a redacción definitiva aprobada polo Pleno do Concello o día trece de xullo de dous mil nove, entrará en vigor mesmo día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e comezará a súa aplicación a partir do día seguinte a esa data ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 27

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO DE ALUGUER DE BICICLETAS (B.T.T.).

Artigo 1.- Obxecto do servizo

É obxecto do servizo do aluguer de bicicletas para o seu uso polos interesados, o cal ten un carácter exclusivamente lúdico e o do fomento do uso de este vehículo.

Artigo 2º.- Lugar e prazo de aluguer do servizo.

O servizo de aluguer de bicicletas ofrécese no lugar que o concello determine.

Artigo 3º.- Solicitude do uso do servizo.

1º.- O que solicita o servizo de aluguer terá que cubrir unha folla de inscrición con todos os datos do usuario.

2º.- *Os usuarios deberán ser maiores de idade.*

Artigo 4º.- Uso do servizo.

1º.- A bicicleta poderá alugarse en dous períodos:

- período de ½ día.
- período de día completo.

2º.- O horario do servizo en media xornada será de 9:00 a 15:00 polas mañás e de 16:00 a 19:00 polas tardes. En xornada completa será de 9:00 a 19:00.

3º.- O concello está eximido dos danos que o usuario poda sufrir ou producir mentres fai uso da bicicleta e non se responsabiliza dos danos o prexuízos producidos polo uso da mesma, nin os causados a terceiros polo usuario de esta.

Artigo 5º.- Cota do prezo público.

Se establecen para o servizo regulado os seguintes prezos:

- ½ día: 6,00€.
- día completo: 10,00€.
- A cota sinalada terá, en caso de aluguer de varias bicicletas por unha unidade familiar, unha redución do 25% para o segundo membro e do 50% para o terceiro e seguintes.

Para os efectos desta ordenanza se entende por unidade familiar de convivencia a formada exclusivamente por unha parella e os fillos de calquera deles que figuren empadroados no mesmo domicilio.

Artigo 6º.- Reintegro dos danos.

1º.- En caso de non devolución da bicicleta ao fin do período alugado, se practicará unha liquidación de 15,00€ por cada día ou fracción que transcorra ata a súa devolución. De non producirse esta, será esixible o abono do valor de restitución da bicicleta (500€), sen prexuízo da interposición da correspondente denuncia perante a Garda Civil ou o Xulgado competente.

2º.- Os danos producidos nas bicicletas que impidan o seu funcionamento e que non sexan debidos o uso ordinario das mesmas, en canto excedan da contía de 30,00€, deberán ser abonados por los responsables dos mesmos, entendendo por tal o último usuario da mesma.

3º.- Os gastos recollidos no presente artigo serán esixibles en vía administrativa a través dos procedementos establecidos en Regulamento Xeral de Recadación. O impago dos mesmos levará, ademais das costas e gastos recollidos na normativa aplicable, a imposibilidade de utilización do servizo.

Artigo 7º.- Roubo.

En caso de roubo da bicicleta, o usuario deberá comunicarllo ó Concello e realizar a posterior denuncia ante a Garda Civil.

Artigo 8º.- Infraccións.

As infraccións á presente ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1.- *Considérase infracción leve, o retraso de ata unha hora na devolución da bicicleta non debida a causas xustificadas, sen previo aviso tanto ao Concello como aos encargados do aluguer.*

2.- *Considérase infracción grave:*

- *Retraso de máis de unha hora na devolución da bicicleta non debida a causas xustificadas.*
- *Non deixar a bicicleta debidamente colocada no seu aparcadoiro.*
- *Prestar a bicicleta a terceiras persoas.*
- *Producir danos na bicicleta por uso incorrecto da mesma.*

3.- *Considérase infracción moi grave:*

- *Retraso de máis de ½ día na entrega da bicicleta non debida a causas xustificadas.*
- *Abandono inxustificado da bicicleta.*
- *Utilizar a bicicleta con fines lucrativos estando prohibidos expresamente o seu aluguer e/ou venta e a súa utilización para fins comerciais.*
-

Artigo 9º.- Sancións.

1.- Para as infraccións leves, unha semana se poder acceder ao servizo.

2.- Para as infraccións graves, un mes se poder acceder ao servizo.

3.- Para as infraccións leves, un ano se poder acceder ao servizo.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal, segundo a redacción definitiva aprobada polo Pleno do Concello o día nove de xullo de dous mil dez, entrará en vigor mesmo día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e comezará a súa aplicación a partir do día un de agosto de dous mil dez ata a súa modificación ou derogación expresa.

